



Código do documento	Código do expediente
USG14I00EZ	USG/2020/56
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 5 DE XUÑO DE 2020.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día cinco de xuño de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

### Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS (que se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta)  
D<sup>a</sup> MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup> MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA  
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA  
D<sup>a</sup> YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup> MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup> SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

C.I.F. P-1503100-H

### Polo Grupo Político Popular:

D<sup>a</sup> IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA  
D. ALFONSO RICO VERA

### Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D<sup>a</sup> MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

### Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D<sup>a</sup> MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup> SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 27/02/2020 E 10/03/2020**

/Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 1/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinarias celebradas en datas 27/02/2020 e 10/03/2020, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións extraordinarias celebradas en datas 27/02/2020 e 10/03/2020, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinarias de datas 27/02/2020 e 10/03/2020.

## **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR DON DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS AO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO.**

Dase conta á Corporación do escrito de renuncia ao seu cargo de concelleiro municipal do grupo político do PSdeG-PSOE presentado por don Diego Antonio Taibo Monelos en data 13 de abril de 2020 e da proposta do señor alcalde-presidente, de data 1 de xuño de 2020, que transcrita literalmente di:

### **“PROPOSTA AO PLENO**

Visto o escrito presentado polo concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Diego Antonio Taibo Monelos, de data 8 de abril de 2020 (entrada 13.04.2020, número de rexistro 2953) no que expón que, como consecuencia da súa toma de posesión como Deputado no Congreso de pleno dereito con data de 25 de marzo de 2020, procede a comunicar a súa renuncia á condición de concelleiro no Concello de Culleredo e solicita se proceda polo Pleno deste Concello á toma en consideración da dita renuncia.

Considerando que o artigo 9 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, contempla que o concelleiro de calquera entidade local perderá a súa condición, entre outras causas, por renuncia que deberá facerse por escrito ante o Pleno da Corporación.

Considerando que a Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, dispón no seu artigo 182 que en caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación.

Considerando que o artigo 19.1 da citada Lei orgánica no seu apartado l) dispón que entre outras competencias, corresponde á Xunta Electoral Central expedir as credenciais aos/ás concelleiros/as en caso de renuncia, unha vez rematado o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona.

Considerando que o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona concluiu aos cen días despois das eleccións (artigo 15.2 da LOREG), polo que procede remitir as actuacións á Xunta Electoral Central como órgano competente da Administración electoral, tal e como determina a Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

Procede, polo tanto, que o Pleno tome coñecemento da renuncia presentada e se dea conta de todo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial ao candidato seguinte da lista do PSdeG-PSOE a quen corresponda.

Por todo iso, PROPONSE:

**Primerlo.-** Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por don Diego Antonio Taibo Monelos ao cargo de concelleiro desta Corporación elixida no proceso electoral celebrado o día 26 de maio de 2019.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

**Segundo.-** Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central propoñéndolle que expida a credencial a favor de don Abraham Seijas González, membro integrante da candidatura do PSdeG-PSOE presentada nas eleccións celebradas o 26 de maio de 2019 co número 13 , ou en caso de renuncia del ou dalgún do/s candidato/s seguintes da dita lista electoral, a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación.”

Aberta a quenda de intervencións fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e cédelle a palabra ao Sr. concelleiro Diego Antonio Taibo Monelos.

A continuación, don Diego Antonio Taibo Monelos intervén e di que fai uso da que será a súa última intervención como concelleiro de Culleredo do PSdeG-PSOE, cargo que ostentou con orgullo dende o ano 2007, etapa da que non ten máis que agradecementos para todas as persoas coas que estivo a traballar de maneira honrada e leal, co obxectivo do equipo de goberno que é mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de Culleredo; que a súa opinión é que foi unha experiencia positiva na que tentou dar aos veciños o mellor de si mesmo e o único que leva son lembranzas positivas nas que sempre tivo claro que en política hai que estar en primeiro lugar para defender os intereses de quen te elixiu e deixar para posterior lugar os intereses do partido e por último os intereses persoais; que sempre considerou que cada un dos vinte e un concelleiros que conforman o Pleno municipal estaban para facer que Culleredo progrese e que nas súas relacións e intervencións políticas sempre foi correcto, cun ánimo de sumar e construír, pedindo desculpas se algunha vez as súas verbas se puideron entender como ofensivas por mor da paixón e o sentimento cos que sempre desempeñou o seu cargo; que se incorpora como deputado no Congreso nunha nova etapa ilusionante e coa firme determinación de defender os intereses de Galicia sendo consciente do custo persoal e familiar que iso implica pero tendo claro que traballar no Congreso dos Deputados por Galicia e traballar para mellorar a vida de todos os fillos de Galicia.

Remata a súa intervención desexando a todos moita sorte, agradecendo a súa dedicación e pedíndolle aos señores e señoras concelleiros e concelleiros de Culleredo que sigan loitando pola mellora da dignidade da vida dos veciños e veciñas do Concello.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que como alcalde que é quere destacar o traballo do Sr. Taibo Monelos que desempeñou de forma extraordinaria e que desexa de todo corazón que na súa nova etapa no Congreso dos Deputados defenda por riba de todo os intereses de todos os galegos e galegas como xa está a facer a pesar da atípica situación que toca vivir por mor do Covid-19 que fai que a despedida sexa tamén especial e que desde nenos todas as cousas que compartiron xuntos saíron sempre ben pero hai unha que non comparte que é que pense que esta é a súa última comparecencia como concelleiro do Concello de Culleredo pois sempre vai ter un oco na corporación de Culleredo por se quixera voltar e aportar a súa experiencia en beneficio dos veciños e veciñas de Culleredo.

Rematadas as intervencións, o Sr. Taibo Monelos abandona o Salón de Plenos.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 1 de xuño de 2020, que resulta aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as presentes na sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 1 de xuño de 2020, que devén en acordo nos termos transcritos.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

**3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE DATA 21/04/2020 RELATIVA Á PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2020”**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, que literalmente di:

**“PROPOSTA AO PLENO:**

Vista a resolución da Alcaldía número 486/2020, de data 21 de abril de 2020, que transcrita literalmente di:

**“RESOLUCIÓN**

O Pleno do Concello de Culleredo en sesión celebrada o 19 de decembro de 2019 aprobou a participación no Plan Provincial de cooperación das obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, e a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2020, achega provincial 2019 e préstamo provincial 2020:

Ao Concello correspóndenlle 964.904,84 €, coa seguinte distribución:

Achega provincial 2020	447.699,49 €
Achega provincial 2019	108.347,37 €
Préstamo provincial 2020	408.857,98 €

Unha vez que se presentou a solicitude, a Deputación Provincial achegou un requerimento a través da plataforma SUBTEL no que sinala que o acordo presenta erros na súa elaboración posto que o financiamento do pago a provedores aplícase á achega provincial 2020 en lugar da achega provincial 2019 (punto 2.1 das Bases), alterando así as cantidades a destinar ao financiamento de gastos correntes e investimentos. Non obstante, ao comprobarse por este concello que neste momento xa non existen débedas con provedores cuxas facturas tiveran data de entrada no Rexistro Xeral antes do 30 de xuño de 2019, este incluído, que estean pendentes de pago no momento da elaboración do informe que para estes efectos emite a Intervención (doc. UCP14I00GU), xa non é preciso adicar a tal finalidade cantidade algunha. En consecuencia, a cantidade que se adicaba ao seu financiamento pasará a incrementar a cantidade destinada ao financiamento de gastos correntes do exercicio 2020.

Con base en todo o cal,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2020, achega provincial 2019 e préstamo provincial 2020:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Código do documento <b>USG14I00EZ</b>	Código do expediente <b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

<b>Subtotal pago a provedores</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
-----------------------------------	--------	--------	--------

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	447.699,49 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>447.699,49 €</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Renovación do parque infantil da praza Europa	108.347,37 €	46.606,98 €	154.954,35 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>108.347,37 €</b>	<b>46.606,98 €</b>	<b>154.954,35 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €

O proxecto de obra denominado "Renovación do parque infantil da praza Europa" e que se relaciona nesta táboa, foi aprobado por resolución da alcaldía núm. 820/2019, de 24 de maio de 2019.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		0,00 €

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2019</b>	0,00 €		0,00 €
	<b>Achega 2020</b>	0,00 €		0,00 €
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2020</b>	447.699,49 €		447.699,49 €
	<b>Achega 2019 (Excep. Base 2.2)</b>	0,00 €		0,00 €
<b>C- INVERSIONES</b>	<b>Achega 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>Achega 2019</b>	108.347,37 €	46.606,98 €	154.954,35 €
	<b>Préstamo 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2020</b>	0,00 €		0,00 €
	<b>Achega 2020</b>	447.699,49 €	0,00 €	447.699,49 €
	<b>Achega 2019</b>	108.347,37 €	46.606,98 €	154.954,35 €



Código do documento <b>USG14I00EZ</b>	Código do expediente <b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

<b>TOTAL</b>	<b>Préstamo 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>556.046,86 €</b>	<b>46.606,98 €</b>	<b>602.653,84 €</b>

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Cubierta pista polideportiva en Ledoño-Culleredo-A Coruña	290.000,00 €
Reparación y adecuación del carril bici en el paseo marítimo	238.266,30 €
<b>TOTAIS</b>	<b>528.266,30 €</b>

Terceiro.- Declarar que o concello comprométese a realizar cantas actuacións sexan necesarias para ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todas as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Noveno.- Someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.”

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

A ratificación da resolución anteriormente transcrita.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere ter unhas palabras de condolencia para todas as vítimas do Covid-19 e agradecer a todos os que durante esta pandemia seguiron a traballar tanto na rama sanitaria como nos supermercados e todos os sectores que non pararon en ningún momento, recoñecendo que se neste momento a situación está a mellorar e se está saíndo dela e grazas a todos os sectores que seguiron traballando.

A continuación o Sr. Chouciño di que, respecto do punto que se está a debatir, remítese a un parágrafo da propia proposta que di que "(.../...)" o acordo presenta erros na súa elaboración posto que o financiamento do pago a provedores aplicase á achega provincial 2020 en lugar da achega provincial 2019 (punto 2.1 das Bases), alterando así as cantidades a destinar ao financiamento de gastos correntes e investimentos (.../...)" para recordar que unha cuestión tan rutinaria como é a solicitude de fondos do POS, dos plans provinciais da Deputación ten que someterse a corrección de erros e que un erro humano hai que aceptalo pero que se está dando demasiadas veces e o equipo de goberno queixase de que non se voten a favor as súas propostas pero co pouco tempo que hai para revisar os



Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

expedientes non poden votar a favor e se absterán pois non poden realizar correctamente o labor de fiscalización que lle corresponde á oposición.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que a modificación que se presenta é debida a que cando se pediu o Plan había unha débeda de pago a provedores de 7.800 euros que había que recoñecer e que esa cantidade detraíase dos 447.000 e que xusto no momento en que se consolidou o proxecto e a solicitude as ditas facturas xa estaban pagadas polo que se fixo necesario facer esa modificación, tratándose dunha modificación positiva pois aos cartos consignados, que son 447.000 euros, hai que restarlle os 7.800 euros pois o propio regulamento do POS así o esixe.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos/as Sres./as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE DATA 25/05/2020 RELATIVA Á APROBACIÓN DE PROXECTOS CORREXIDOS DE OBRAS INCLUÍDAS NO POS+2020.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as presentes na sesión.

Deseguido, a Presidencia somete a debate e votación do Pleno a dita proposta, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA AO PLENO:**

Vista a resolución da Alcaldía número 586/2020, de data 25 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

#### **“RESOLUCIÓN**

O Pleno do Concello de Culleredo en sesión celebrada o 19 de decembro de 2019 aprobou a participación no Plan Provincial de cooperación das obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, e a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican na mesma, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2020, achega provincial 2019 e préstamo provincial 2020.

Unha vez que se presentou a solicitude, a Deputación Provincial achegou un requerimento a través da plataforma SUBTEL no que sinala que o acordo presenta erros na súa elaboración posto que o financiamento do pago a provedores aplícase á achega provincial 2020 en lugar da achega provincial 2019 (punto 2.1 das Bases), alterando así as cantidades a destinar ao financiamento de gastos correntes e investimentos. Analizado o requirimento e logo

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

de comprobar que naquel momento xa non había débedas con provedores cuxas facturas tiveran data de entrada no Rexistro Xeral antes do 30 de xuño de 2019, resultou que xa non era preciso adicar a tal finalidade cantidade algunha, polo que mediante resolución número 486 de data 21 de abril de 2020 aprobouse a participación no devandito Plan pasando a cantidade que se adicaba ao financiamento de débedas con provedores a incrementar a cantidade destinada ao financiamento de gastos correntes do exercicio 2020.

En relación cos proxectos de obras Renovación do parque infantil da Praza de Europa, Reparación e adecuación do carril bici no Paseo Marítimo e Cubierta pista polideportiva de Ledoño- Culleredo, recibíronse a través da Plataforma SUBTEL requerimentos de corrección de diversos extremos.

Unha vez que os redactores dos proxectos procederon á subsanación dos aspectos contidos nos requirimentos e vistos os proxectos corrixidos, os informes emitidos pola enxeñeira técnica agrícola sobre as correccións efectuadas (documentos: UME14I01HM; UME14I01HK y UME14I01HN) e considerando que ao tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica, procede a aprobación dos proxectos corrixidos a fin da súa remisión á Deputación Provincial a través da Plataforma SUBTEL. Con base en todo o cal,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar os proxectos corrixidos das seguintes obras incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña:

Achega provincial 2019	Renovación do parque infantil da Praza de Europa	DOCUMENTO:URP14E0548, COVE: 0K1U4L205Q523E4G0Y5P.
Plan Complementario	Reparación e adecuación do carril bici no Paseo Marítimo	DOCUMENTO: UME14I01BK, COVE: 4I21672W4P4R230T121H
Plan Complementario	Cubierta pista polideportiva de Ledoño- Culleredo	DOCUMENTO: URP14E04CG COVE: 261N0C3Y1N6W0Q3E0WPE

Segundo.- Someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre."

**PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:**

A ratificación da resolución anteriormente transcrita."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a súa intervención vai na liña da que fixo no punto anterior pois non sabe que esta a pasar na redacción de proxectos e na execución de obras que está a ser un desastre ou, suavizando a expresión, manifestamente mellorable, recordando que respecto da execución de obras, está pendente de recibir a escollera do Río Trabe xunto ao campo de fútbol ou o pavimento da Residencia da Ría ou a beira do río Mero no que se fan desbroces sen que se poida comprobar a que proxecto corresponde; que o outro día pasou pola pista de stake que se fixo hai un ano e pide por favor que se bloquee a devolución da garantía porque está feita un desastre con grietas por todos lados; que ten entendido que se xubila o xefe de obras polo que haberá dúas prazas vacantes no departamento de Medio Ambiente e a convocatoria que se publicita é dunha praza que non deixa moi claro que é o que se vai cubrir, rogando unha preocupación para que haxa un departamento que funcione e sexa áxil; que hai obras sen recibir que parece van quedar así polo que unha vez máis se van abster na votación.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que roga centrarse nos puntos da orde do día e que en calquera caso desde os diferentes departamentos municipais se fai un traballo exhaustivo das diferentes obras e das modificacións que nun momento determinado poidan sufrir, habendo unha inspección exhaustiva de cada unha delas e aquelas nas que poida ser necesaria unha rectificación así se fai; que poden existir procedementos que están recurridos e que non se debe obviar que na referencia que se fai ao nomeamento de persoal na área de





Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

Medioambiente hai que ter en conta que o xefe de servizo xubilouse o mesmo día en que se iniciou o estado de alarma e os procedementos de contratación por mor dos prazos quedaron en suspenso e a persoa que refire o Sr. Chouciño vén tratar de axudar durante un periodo de seis meses na área de Medioambiente e agora xa se van facer efectivas as contratacións dun enxeñeiro de camiños como funcionario do Concello e dun enxeñeiro industrial e se sacan xa a convocatoria e as bases para estes procesos e que na propia área de Urbanismo se vai contratar un novo arquitecto e un xefe de área para esa aprobación futura que poida ter o Plan xeral e dentro das posibilidades que houbo durante este tempo as áreas seguían funcionando pero todos esperaban que chegara o 1 de xuño e se abrisen os prazos para poder comezar a funcionar administrativamente; que en calquera caso as obras mencionadas son obras que se desde a asistencia técnica a municipios da Deputación provincial se detectara algunha cuestión que non sexa de calado que deba rectificarse se rectifican sen problema e que ao mellor non debería pasar pero pasa e desde a curta experiencia que el ten na Deputación puido comprobar como a gran cantidade de Concellos se lles require para que subsanen e se adaptan moitas veces ás bases aprobadas pois moitas veces os proxectos se fan sen idea de metelos no POS e despois hai que adaptalos.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE DATA 29/05/2020 RELATIVA Á PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 2/2020".**

A Presidencia fai uso da palabra e di que neste punto decidiuse que toda a contía da achega provincial no POS+Adicional 2/2020 fora destinada a gasto corrente porque aínda non se sabía a cantidade de presuposto que vai ser necesario investir na desescalada e logo en gasto social e en temas relacionados cos autónomos, microempresas, etc e para tratar de ter liquidez decidiuse que a cantidade de 306.000 euros non influía en ningunha das obras que había no POS Adicional e decidiuse metelo na achega provincial de 306.000 euros, achega que vai ser complementada en vindeiras datas e haberá que decidir se se vai incluír en investimento ou en gasto corrente porque é necesario ver como vai evolucionando a pandemia xa que parece que hai unha melloría que indica que se está a saír da crise sanitaria pero tamén hai quen apunta que probablemente haxa rebrotes en dous ou tres meses polo que haberá que ter recursos económicos suficientes para facerlle frente á demanda que poida haber dos habitantes do Concello de Culleredo se fora necesario.

A continuación, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020 relativa ao asunto epigrafiado que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as presentes na sesión.



Código do documento <b>USG14I00EZ</b>	Código do expediente <b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

Deseguido, a Presidencia somete a debate e votación do Pleno a dita proposta, que literalmente di:

**“PROPOSTA AO PLENO:**

Vista a resolución da Alcaldía número 600/2020, de data 29 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

**“RESOLUCIÓN**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2020” para regular o POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia.

O texto integro das Bases figura na páxina web da deputación.

O 5/05/2020, a través da plataforma SUBTEL, achégase circular relativa ao POS+AD 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

O importe da achega provincial destinada a este concello ascende a cantidade de 306.643,49 €

En base a todo o cal

**RESOLVO:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	306.643,49 €

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €

**C ) Resumo:**



Código do documento <b>USG14I00EZ</b>	Código do expediente <b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Gastos correntes</b>	306.643,49 €	0,00 €	306.643,49 €
<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>306.643,49 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>306.643,49 €</b>

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- Someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.”

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

A ratificación da resolución anteriormente transcrita”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta fala da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+Adicional 2/2020 e pregunta que pasa co 1/2020 pedíndolle ao Sr. alcalde que explique por que non se pide o 1/2020; que desde o BNG presentaron un escrito o 25 de maio no que pedían explicacións sobre o avance da tramitación e que o normal sería que se tivera celebrado un pleno antes do vencemento do prazo de solicitudes que foi o venres pasado, o 29 de maio, e a día de hoxe aínda non recibiron resposta; que a forma ordinaria de tramitar solicitudes como esta á Deputación, que aínda que con variantes, son recurrentes e non son algo extraordinario que pille por sorpresa, é a través do Pleno pois para iso están os concelleiros da oposición e do equipo de goberno, para buscar a mellor opción e non acudir a esta forma de tramitación que é a menos ortodoxa e neste caso non se pode achacar á falta de tempo nin por falta de recursos pois de todos os concellos da contorna foi Culleredo o único que quixo substraer o debate previo a esta tramitación pois todos os demais someteron este asunto a previo debate do Pleno municipal.

Continúa a súa intervención e di que agora o equipo de goberno vén a esta sesión cunha proposta pechada de pedir os 300.000 euros, a totalidade dese POS Adicional, que pode ser destinado a obras e servizos ou a gasto corrente e cuxa deliberación daría lugar á búsqueda do necesario equilibrio, e tendo dous proxectos aprobados como son a cuberta do polideportivo de Ledoño e a reforma do carril bici do Burgo que aínda que xuntos superan a cantidade destes 300.000 euros si se podería adicar unha parte á súa financiación, ou financiar unha parte de cada un deles á espera de que algún día Culleredo teña os presupostos aprobados, ou pedir o financiamento dunha desas obras con cargo a ese fondo e o sobranse adicalo a gasto corrente entendido como eses cartos dos que se dispón sen ningunha planificación e que neste Concello vai dando xa indicios de preocupación e hai un informe da Sra. Interventora do que se dá conta nun punto posterior no que se informa de reparos no 2019 por un importe superior a nove millóns de euros, con reparos suspensivos que determinaban que eses procedementos non eran legais e que



Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

supoñen un 87% da contratación que debería seguir o seu camiño legal; que o goberno pide que se ratifique esta resolución para poder ir enchendo o saco de gasto corrente e despois ir tirando del, e hai precedentes de que non se fai un uso correcto deses gastos; que o orzamento é a repartición e planificación teñen unha finalidade que é optimizar os recursos, cumprir a legalidade e dar a mellor utilidade aos fondos públicos; que unha vez aclarado que o equipo de goberno o único que pide é a ratificación do que xa ten decidido con anterioridade o que se pide agora é aclaración de por que non se pide o POS+Adicional 1/2020, que está publicado na páxina web e cre que tamén no Boletín da provincia pois xa leu na páxina web que a Culleredo lle correspondían 81.000 euros e que tiñan por finalidade as prestacións recollidas nas bases aprobadas por Real Decreto 2/2020, como son reforzar os servicios de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación ao entorno, a seguridade, etc, incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria, trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa necesario, os servicios de rehabilitación, terapia ocupacional, servicios de hixiene e outros similares, reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados; adquisición de medios de prevención (EPI), ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, reforzar, con servicios e dispositivos adecuados, os servicios de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias especialmente sen ingresos, outras medidas que as Comunidades Autónomas, en colaboración cos Servicios Sociais das entidades locais, consideren imprescindibles.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que escoitan con atención a explicación do Sr. Alcalde, que lles gustaría estar equivocados e que houbera algún resquicio que non entenderan e que houbera unha explicación ao feito de non ter solicitado a cantidade de 81.000 euros que lle corresponden a Culleredo derivados do Plan Adicional 1/2020.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que o Plan Adicional 1/2020 está perfectamente pedido en tempo e forma ao igual que o resto de puntos que se traen a esta sesión para a súa ratificación; que el non é partidario de levar a pleno a ratificación dos asuntos senón de levar os asuntos para poder debatilos e votalos na sesión plenaria como corresponde debéndose nesta ocasión única e exclusivamente ao estado de alarma; que o Plan 1/2020 está perfectamente pedido e por mor dun problema que non deu tempo a arranxar en tempo e forma antes da Xunta de Voceiros non se trouxo a esta sesión, estando previsto levalo á próxima sesión que haberá para o sorteo das mesas electorais; que o problema co POS Adicional 1/2020 foi un tema puramente administrativo que para nada compromete os cartos que lle corresponden a Culleredo.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que respecto do debate que poida xurdir na aplicación dos cartos o equipo de goberno ten un compromiso coa veciñanza e se fixeran falta cartos para gasto social non se van destinar a ningún outro tipo de investimento; que aínda que lle encantan as obras e investir en mellorar Culleredo, ten que ser leal co compromiso que adquiriu cos veciños aos que lles dixo que se nalgún momento xurdira a necesidade de investir cartos en gasto social esa ía ser a prioridade, considerando que agora os cartos deben empregarse en gasto social ou en axudas a determinados colectivos como autónomos ou microempresas do Concello de Culleredo

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o que di a modificación de bases para este POS 1 é que efectivamente se poden pedir por outro órgano e que se debe ratificar no seguinte pleno que é este e non no seguinte do seguinte e que en todos os concellos da contorna fixeron a tramitación ordinaria que foi sometelo a debate do Pleno previo á solicitud e a deliberación é necesaria e as obras importantes para a dinamización económica; que todos os concellos da contorna buscaron un equilibrio na solicitud deses fondos e houbo para pedir obras e para pedir gasto corrente pero o que pasa é que todos os concellos da contorna, independente da cor que teñan, teñen os orzamentos aprobados e polo tanto a planificación dos recursos públicos está garantida e en Culleredo non, motivo este polo que teñen que andar con improvisacións, solicitando un avance da liquidación deste ano que considera se debería presentar coa



Código do documento <b>USG14I00EZ</b>	Código do expediente <b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

liquidación do 2019, para que toda a Corporación puidera saber como vai avanzando o estado de gastos e pregunta se se están acabando xa no mes de xuño os fondos porque o Sr. Alcalde conta cos presupostos prorrogados e di que se necesitan fondos para gasto social, polo que aproveita para pedir un extracto da liquidación do 2020 para o próximo pleno.

De seguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que a liquidación do Concello de Culleredo presentárase en tempo e forma e que as puntualizacións que fai o Sr. Chouciño son moi particulares e que todo o que fai o equipo de goberno respecto deste tema é conforme ao Regulamento e está perfectamente asesorado á hora de traer os diferentes puntos incluídos na orde do día desta sesión.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos/as Sres./as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **6.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2019.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 336/2020, de data 28 de febreiro de 2020, que transcrita di:

### **“RESOLUCIÓN**

Considerando os artigos 191 e seguintes do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Considerando os artigos 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento de 2019, e visto o informe da Intervención municipal de data 26/02/2020 e código de documento UIT14I003Q

RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la liquidación do Orzamento de 2019, da que se deriva o seguinte

#### 1.1. Resultado orzamentario:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións Correntes	20.682.043,20	18.048.947,31		2.633.095,89
b) Operacións de capital	417.876,90	3.077.145,83		-2.659.268,93
1. Total operacións non financeiras (a+b)	<b>21.099.920,10</b>	<b>21.126.093,14</b>		<b>-26.173,04</b>
c) Activos Financeiros	4.574,58	4.047,83		526,75
d) Pasivos Financeiros	135.918,34			135.918,34
2. Total operacións financeiras (c+d)	<b>140.492,92</b>	<b>4.047,83</b>		<b>136.445,09</b>
<b>I.RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I = 1+2)</b>	<b>21.240.413,02</b>	<b>21.130.140,97</b>		<b>110.272,05</b>
<b>AXUSTES:</b>				
3. Créditos gastados a mansa do orzamento de 2019 para gastos sociais				
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio				163.009,67
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio				61.229,50
<b>II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)</b>				<b>101.780,17</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>212.052,22</b>

Código do documento <b>USG14I00EZ</b>	Código do expediente <b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

## 1.2. Remanente de tesourería

COMPONENTES	IMPORTES ANO		IMPORTES ANOS ANTERIORES	
<b>1 (+) Fondos líquidos</b>		<b>8.879.006,70</b>		<b>8.718.473,35</b>
<b>2 (+) Dereitos pendentes de cobro</b>		<b>1.094.693,29</b>		<b>1.113.986,99</b>
- (+) do Orzamento corrente	859.608,17		897.734,64	
- (+) de Orzamentos pechados	111.656,94		99.038,42	
- (+) de operacións non orzamentarias	123.428,18		117.213,93	
<b>3 (-) Obrigas pendentes de pago</b>		<b>764.682,71</b>		<b>725.081,07</b>
- (+) do Orzamento corrente	159.976,67		104.792,72	
- (+) de Orzamentos pechados	2.352,68		2.352,68	
- (+) de operacións non orzamentarias	602.353,36		617.935,67	
<b>4 Partidas pendentes de aplicación</b>		<b>-27.396,39</b>		<b>-36.690,87</b>
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	27.396,39		36.690,87	
+ (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva				
<b>I Remanente de Tesouraría total (1 + 2 - 3)</b>		<b>9.181.620,89</b>		<b>9.070.688,40</b>
<b>II Saldos de dubidoso cobro</b>		72.700,82		54.611,74
<b>III Exceso de financiamento afectado</b>		309.591,85		279.115,18
<b>IV Remanente Tesourería para Gastos Xerais (I - II - III)</b>		<b>8.799.328,22</b>		<b>8.736.961,48</b>

Segundo.- Dar conta ao Pleno Municipal da aprobación da liquidación do Orzamento do ano 2019, de conformidade co sinalado polo artigo 193.4 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidentencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

## 7.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO, EXERCICIO 2019.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo. Exercicio 2019, asinado pola Sra. Interventora municipal en data 24 de abril de 2020 (código de documento UIT14I00AJ), que transcrito di:

“PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DEL CONCELLO DE CULLEREDO. EJERCICIO 2019

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBJETIVOS Y ACTUACIONES
  - 2.1 Marco General
  - 2.2 Objetivos Generales
  - 2.3 Actuaciones Específicas

### Anexo I. Esquema del Procedimiento de Control Financiero

## 1. INTRODUCCIÓN

Se procede a presentar el Plan de Control Financiero para el ejercicio 2019. Su finalidad esencial es establecer el marco para las actuaciones de control financiero sobre la gestión económico-financiera y presupuestaria del ejercicio 2019 del Concello de Culleredo a realizar por este órgano Interventor en colaboración con las firmas privadas de auditoría que se contraten.

El artículo 213 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL) regula el control interno en su triple acepción de función interventora, función de control financiero y función de control de eficacia.

El Real Decreto 424/2017 (RDCI), de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local define el control financiero como aquel que tiene por objeto verificar el funcionamiento de los servicios del sector público local en el aspecto económico financiero para comprobar el cumplimiento de la normativa y la buena gestión financiera, en términos de eficacia, eficiencia, economía, calidad, transparencia, estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. El control financiero comprende el control permanente y la auditoría pública, destacando dentro del primero el control de los beneficiarios de subvenciones (artículo 3.3, 3.4 y 3.5).

El control permanente se ejecuta de forma continua, en aquéllos supuestos previstos en el ordenamiento jurídico o en el propio plan, pudiéndose aplicar técnicas de auditoría (artículo 29.2). Y la auditoría pública es una verificación a posteriori mediante la aplicación de los procedimientos de revisión selectivos contenidos en las normas de auditoría. La auditoría pública engloba la auditoría de cuentas, esto es, la verificación de la imagen fiel de las cuentas y de la correcta ejecución del presupuesto, y la auditoría de cumplimiento y operativa en las entidades no sometidas a control permanente (artículo 29.3).

De conformidad con el artículo 31 del Real Decreto 424/2017 el órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio, tanto las que deriven de una obligación legal como las que se seleccionen en base a los riesgos, objetivos, prioridades y medios disponibles.

A estos efectos, el artículo 34 prevé la colaboración pública o privada mediante convenios o la contratación de firmas privadas de auditoría para lo que se consignarán en los presupuestos las cuantías suficientes.

## 2. OBJETIVOS Y ACTUACIONES

### 2.1 Marco General

El control financiero tiene como finalidad última promover la mejora de las técnicas y procedimientos de gestión económico-financieros a través de las propuestas que se deduzcan de los resultados del mismo. De los informes de control se podrá extraer información que permita una mejor aplicación de los principios de eficiencia y economía en la programación y ejecución del gasto público.

Los trabajos de control permanente incluirán las siguientes actuaciones (artículo 32 RDCI):



Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

- a) Verificación del cumplimiento de la normativa y procedimientos aplicables a los aspectos de la gestión económica a los que no se extiende la función interventora.
- b) Seguimiento de la ejecución presupuestaria y verificación del cumplimiento de los objetivos asignados.
- c) Comprobación de la planificación, gestión y situación de la tesorería.
- d) Las actuaciones previstas en las normas presupuestarias y reguladoras de la gestión económica del sector público local atribuidas al órgano interventor.
- e) Análisis de las operaciones y procedimientos, con el objeto de proporcionar una valoración de su racionalidad económico-financiera y su adecuación a los principios de buena gestión, a fin de detectar sus posibles deficiencias y proponer las recomendaciones en orden a la corrección de aquéllas.
- f) En la Entidad Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que los datos e información con trascendencia económica proporcionados por los órganos gestores como soporte de la información contable, reflejan razonablemente el resultado las operaciones derivadas de su actividad económico-financiera.

Las actuaciones antes referidas se documentarán en informes (artículo 35 RDCI). Anualmente, con ocasión de la aprobación de la cuenta general, se elaborará un informe resumen comprensivo de los resultados de las actuaciones de control interno realizadas durante el ejercicio (artículo 37 RDCI).

## 2.2 Objetivos Generales

Los objetivos generales, que pueden considerarse principios inspiradores en el ejercicio del control financiero, son la estabilidad, la transparencia y la responsabilidad.

La estabilidad y transparencia tienen una estrecha relación como exigencias ineludibles de la gestión pública de nuestro tiempo, reforzadas por la normativa aplicable en materia económica: Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, desarrollada por la Orden 2105/2012, de 1 de octubre, siendo el principio de transparencia un elemento esencial en la rendición de cuentas y control económico financiero de la administración pública, en aras a la consecución última de la máxima eficacia y eficiencia en el empleo de recursos públicos.

De otro lado, la Ley 19/20143, de 19 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que tiene por objeto "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información, relativa a aquella actividad y establecer las obligaciones de buen gobierno que deben cumplir los responsables públicos, así como las consecuencias derivadas de su incumplimiento" establece que los altos cargos "actuarán con transparencia en la gestión de los asuntos públicos, de acuerdo con los principios de eficacia, economía y eficiencia y con el objetivo de satisfacer el interés general".

## 2.3 Actuaciones Específicas

En el ámbito del Concello de Culleredo se han delimitado las actuaciones de control en las siguientes áreas:

- 1) Evaluación del cumplimiento de la normativa en materia de morosidad, conforme a lo establecido en el artículo 12.2 de la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público.
- 2) Análisis de los registros contables de las facturas para verificar que cumplen con las condiciones de funcionamiento previstas en la Ley 25/2013 y su normativa de desarrollo, conforme a lo señalado en su artículo 12.3.
- 3) La Ley 15/2014, de 16 de septiembre, de racionalización del Sector Público y otras medidas de reforma administrativa modificó el régimen jurídico de la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) contenido en el art. 20 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y establece un nuevo régimen de publicidad de las convocatorias de subvenciones y ayudas públicas aprobadas a partir del 1 de enero de 2016. En relación a la gestión de subvenciones por el Concello, con motivo de la incorporación a la BDNS se determinará el nivel de cumplimiento de las obligaciones recogidas en esa norma.

Además, teniendo en cuenta la insuficiencia de medios personales disponibles, y de conformidad con lo previsto en el artículo 34 RDCI, procede la contratación de auditorías externas de cumplimiento en los siguientes ámbitos:



Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I00EZ</b>	<b>USG/2020/56</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5</b>	

- Beneficiarios de subvenciones financiadas con cargo a los presupuestos generales de acuerdo con lo establecido en la Ley General de Subvenciones (artículo 3.5 RDCI).
- Gestión indirecta de servicios públicos de conformidad con la Ley de Contratos del Sector Público.

Anexo I. Esquema del Procedimiento de Control Financiero

ELEMENTOS	CONTENIDO	RECEPTOR
Plan Anual Control Financiero	I. Objetivos II. Actuaciones	Pleno
Informes	I. Objetivos y Alcance II. Hechos (puestos de manifiesto) III. Conclusiones y Recomendaciones  Proceso: 1º Informe Provisional  2º Alegaciones (del auditado). Plazo de 15 días.  3º Informe Definitivo (informe provisional, alegaciones del auditado y observaciones del interventor).  4º Control de Recomendaciones	Responsable auditado  Interventor  Responsable auditado y Alcalde (a través de este al Pleno)
Informe Anual Control Interno	Resultados más significativos y corrección de las debilidades (en su caso nuevas actuaciones del Plan)	Pleno (Cuenta General) e Intervención General de la Administración del Estado (primer cuatrimestre)

"



Código do documento	Código do expediente
USG14I00EZ	USG/2020/56
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
5Z1U 130A 5655 312Q 1AH5	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA  
Secretaria Xeral  
17/06/2020 14:26

RIOBOO  
CASTRO, JOSE  
RAMON  
Alcalde-Presidente  
17/06/2020 14:28